

Viño, turismo e arte, todo é un en Monforte

INSTALACIÓNS. O CENTRO DO VIÑO SERVE COMO SEDE DO CONSELLO REGULADOR DA RIBEIRA SACRA POR: C.M. FOTOS: TOÑO PARÇA

O Centro do Viño é un dos máis recoñecidos polos amantes do viño da Ribeira Sacra.

Situado en Monforte, nun edificio que foi mosteiro, hospital e Concello, permite a todos os que se achegan ata el saír cuns amplos coñecementos sobre o viño, pero tamén do turismo e a arte.

O Centro do Viño está baixo a xerencia da empresa Rutas Sacras Nomar dende xullo de 2013. O seu obxectivo é contribuir ao desenvolvemento turístico da zona, tendo en conta o sector vinícola pero potenciando outros contiguos e moi importantes para a comarca.

Segundo José Ramón Martínez Mareque, xestor do Centro do Viño, este chama moito a atención dos usuarios. «Os turistas non sempre teñen claro que é este edificio. Para eles é un concepto extraño e sorprendente, porque xunta ao Consello Regulador, o noso centro, unha tappería e unha oficina turística nun mesmo espazo».

PÚBLICO. Os visitantes que se achegan a este punto de información caracterízanse pola súa procedencia variada. Das máis de 12.000 persoas que se achegaron

en 2013, había turistas galegos, españois e incluso moitos ingleses e franceses.

Das persoas que se achegaron ata o centro, case 3.000 fixeron un percorrido polo espazo museístico do viño. Destes visitantes, a maioría eran de procedencia española, aínda que un cento deles acerbábase de Inglaterra e cerca de 90 eran de Francia. Moitas das visitas, como se destaca dende o centro, tiñan coñecementos sobre o mundo do viño e, como tal, viñan a Monforte atraídos pola fama dos caldos da Ribeira Sacra.

Os motivos polos que os turistas se achegan ata a localidade, segundo resalta José Ramón Martínez Mareque, baséase no seu «interese polos viños e as rutas fluviais». Eses son, di, os principais «reclamos para achegarse ata aquí».

Dentro do turismo galego, a Ribeira Sacra vai gañando posicións en canto a ser un dos lugares que máis coñecen os turistas. Esta zona comeza a ser un destino «moi recoñecido polos turistas», engade, e superando xa a destinos máis tradicionais como poden ser «a costa ou algunhas cidades», subliña Martínez Mareque.

Para promocionar a comarca, o

O Centro do Viño participa no programa Galicia a Todo Tren, que dá a coñecer a Ribeira Sacra como produtora de viño

Os turistas que se achegan ao centro teñen coñecementos do viño e da Ribeira Sacra como destino produtor



As presentacións e as catas son das actividades con maior éxito.

Centro do Viño apóiase en actividades promovidas pola Xunta de Galicia e o Consorcio Turístico da Ribeira Sacra.

Un dos proxectos que realizan é o programa Galicia a Todo Tren, no que organizan visitas guiadas por viñas e adegas da Ribeira Sacra. Nesta actividade, unha das paradas ineludibles é a visita ao centro xestionado por Rutas Sacras. Como destaca Martínez Mareque, «nós colaboramos con todas as actividades propostas, ben sexa o viñobús ou outras iniciativas».

No caso de Galicia a Todo Tren, di, «cremos que é moi importante a colaboración de Renfe coas firmas integrantes da Denominación de Orixe». Estas rutas serven para ver o potencial turístico da zona, e este ano fixéronse varias rutas de Galicia a Todo Tren, «e todas viñeron repletas de turistas», engade. Para as que quedan «as reservas van por moi bo camiño», di. O viño, e todo o que o rodea, está a ser hoxe o principal promotor da zona, pois o empuxe do turismo enolóxico é cada vez máis importante e atrae a máis público.



Tif. 982 403 603 - 982 404 708

DESCUENTO DE 4 CTS. EL LITRO
ENGASOLEO A Y GASOLINA S/95

SERVICIO DE GASOLEO A DOMICILIO
CALEFACCIÓN AGRÍCOLA
Y AUTOMOCIÓN

EL CONVENTO



MENÚ DEGUSTACIÓN
(Cada día diferente)

9,50€

Y todos los JUEVES...

Platos especiales a precios económicos



INSTALACIÓNS. Dentro das actividades que se desenvolven no Centro do Viño Rutas Sacras destaca, como non podía ser doutra forma, a promoción dos viños da Denominación de Orixe.

O Centro do Viño conta tamén cunha tenda e unha tappería para mercar e degustar in situ produtos da Ribeira Sacra.

Na tappería ofrécese un servizo de restauración donde poden coñecerse algunhas das maravillas gastronómicas da comarca, regardas polos viños desta zona.

Na tenda do centro destaca a grande cantidade de marcas que se poden atopar nestas instalacións. É, así, un dos principais expositores para os viños da Ribeira Sacra, con 163 referencias dos seus viños e 37 de licores donde escoller. Dentro destas marcas, 58 pertencen á subzona de Amandi, 37 a Ribeira do Miño, 23 a Ribas de Sil, 27 de Chantada, e 18 da subzona Quiroga-Bibei.

A tenda é un dos principais expositores para os produtos da zona. Durante o exercicio pasado, como resaltan dende a xerencia, foron vendidas 10.170 botellas de viño e 880 unidades doutros licores. Para os interesados no viño, José Ramón Martínez destaca a apertura da



tenda online, que permitirá achegar os viños da zona a todos os consumidores.

Entre as actividades que realizan no Centro do Viño destacan a presentación de produtos da zona. Tamén son moi exitosas as catas de uvas e viño, incluíndo catas a cegas. Outra das actividades que realizan nas instalacións consisten en ensinar aos interesados no mundo do viño a distinguir un mencia ou un albariño galego dos viños doutras zonas, como León, Asturias ou Cantabria.

Todas estas actividades mellóranse ano tras ano, coa intención de resultar máis atractivas para o público e superar as cifras de asistentes aos actos, que durante o pasado exercio chegaron a 140 persoas.

Dentro dos obxectivos que per-

segue o Centro do Viño, e por extensión Rutas Sacras, destacan as iniciativas para dinamizar a vida cultural do concello.

ACTIVIDADES. José Ramón Martínez Mareque destaca as facilidades que se prestan dende o Centro do Viño para organizar exposicións nas súas instalacións. «Quen necesite un espazo para albergar a actividade que desenvolve só ten que falar con nós».

O centro tamén se presta a colaborar con actividades que se organizan na zona, por exemplo o concurso de cartelería da Feira de Amandi. «Facemos tamén xornadas de promoción do patrimonio turístico da Ribeira Sacra», indica. É un gran descoñecido e a moitos dos turistas sorpréndelles que en dous ou tres días non lles dea tempo a visitar todos os monumentos da comarca».

Durante o pasado exercio o Centro do Viño albergou cinco conferencias e seis exposicións de temática diversa. Tamén fai visitas guiadas para os colexios da localidade e dos arredores, donde os nenos profundizan na historia da súa comarca a través da visita ás súas instalacións.

Outro aspecto que destacan dende o centro monfortino, é a promoción da artesanía. A través dos Sábados Artesáns, os visitantes poden ver demostracións a tempo real de cestería, olaría, textil ou madeira.

O Centro do Viño ten tamén unha colaboración estreita con outros organismos e organizacións da localidade: O Museo do Ferrocarril, a Asamblea de Cineclubes ou a Mostra de Cine da Vila realizan algunhas das súas actividades nas instalacións do centro.

O apartado gastronómico está tamén presente nas instalacións do vello mosteiro, e nel realízanse

as presentacións das campañas do Cume Tapas ou o Estase Cocendo. As entregas de premios aos gañadores do Cume Tapas tamén se desenvolven nas instalacións do Centro do Viño de Monforte.

Charlas, roldas de prensa ou sesións de traballo son algunhas das outras actividades que é posible realizar no vello hospital da localidade monfortina.

Todo este conxunto de activida-

des ten como obxectivo dinamizar a vida do concello achegando e promocionando aos veciños e os turistas as riquezas que se poden atopar na comarca da Ribeira Sacra.

As catas a cegas son unha das actividades de maior éxito entre os usuarios

As instalacións están abertas para o público que desexe dar a coñecer algún proxecto propio

O TEU CENTRO DE ENSINO EN MONFORTE

[a] pinguela

I E S

E.S.O.
ENSINANZA SECUNDARIA OBLIGATORIA
BACHARELATOS
- CIENCIAS E TECNOLOXÍA
- HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS
FP BÁSICA
CICLOS FORMATIVOS
ADMINISTRATIVO, INFORMÁTICA, IMAXE PERSOAL
PROGRAMAS ERASMUS E LEONARDO
FCT EN FRANCIA, INGLATERRA, ALEMANIA E IRLANDA
CONTRATO PROGRAMA:
- REFORZO EN HORARIO EXTRAESCOLAR
- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
- OBRADOIROS DE ARTESANÍA EN FIN DE SEMANA
- GRUPO DE TEATRO
- MELLORA PARA A EXCELENCIA ACADÉMICA
INTERCAMBIOS CON FRANCIA E ITALIA

CALIDADE CERTIFICADA

ASISTENTE SOCIAL

ICQNet